

OS NACIONALISTAS ENTENDEN QUE A XUNTA "PENALIZA" A CULTURA QUE SE FAI NA LINGUA PROPIA DE GALICIA

O BNG cre "sectario" o recorte de fondos para os escritores en galego

O Goberno autonómico non apoiará o IV Encontro de Escritores Novos que se celebra o día 20 en Oleiros

REDACCIÓN


GALICIA

cultura@xornaldegalicia.com

Os recortes orzamentarios da Consellería de Cultura, ou os novos criterios cos que se traballa no departamento de Roberto Varela, aínda non explicados no Parlamento case setes meses despois do cambio de goberno, chéganlle agora á Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). A Xunta de Galicia non apoiará economicamente a celebración do IV Encontro de Novos Escritores, subtítuloado *Eu ou Nós*, que se celebra os días 20 e 21 de novembro no concello coruñés de Oleiros. O BNG cre que o recorte é síntoma de que o goberno do PP é "sectario" e "penaliza" a cultura na lingua propia de Galicia, e por iso pediralles contas na Cámara.

Así o confirmou onte, a través dun comunicado de prensa, a voceira parlamentaria de Cultura do BNG, a deputada Ana Pontón, quen recordou que esta iniciativa contou "desde a súa primeira edición" co apoio do Goberno autonómico ao entender que constitúe un evento de respaldo aos mozos, que "potencia" o seu traballo no ámbito cultural.

Por iso, reprobou o "cambio de criterio" da Xunta sen que exista



O conselleiro de Cultura e o presidente dos escritores galegos, Cesáreo Sánchez Iglesias, o pasado mes de xuño

"ningún tipo de xustificación" e interpretou a decisión como "unha mostra máis da falta de apoio" do Executivo do PPdeG á xuventude de "penalización" a quen "aposta" pola literatura galega.

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, ao ver de Ana Pontón, "terá que dar explicacións por este comportamento sectario", advertiu a deputada, quen demandou unha "rectificación" posto que, ao seu xuízo, "retirar" estas axudas é "o contrario do que faría calquera Goberno normal".

O Encontro de Novos Escritores celebra a súa cuarta edición os vindeiros 20 e 21 de novembro no Castelo de San Cruz, no concello coruñés de Oleiros. Abrirán a programación Iolanda Zúñiga, Inma López Silva e Alberto Lema nunha mesa redonda moderada por María Xesús Nogueira baixo o título *A literatura (auto)referenciada*. A seguir, no mesmo auditorio, Alicia Fernández, Andrea Núñez e Gonzalo Hermo darán *Noticias da poesía última* xunto a Elvira Riveiro Tobío, coordinadora do debate.

O segundo e último día participarán Carlos Viangre, Baldo Ramos e Uqui Permui, moderados por Antía Otero no coloquio sobre *(Auto)edición: a mirada do libro de autor/a* para deixar logo paso a María Lado Estíbaliz Espinosa e Séchu Sende coordinados por Francisco Castro nun debate arredor d'*O peso da nación*. Para rematar, a partir das seis da tarde na Fundación Luis Seoane da Coruña, versos de Antía Otero Eduardo Estévez, Alicia Fernández Mario Regueira e Elvira Riveiro cor música do Colectivo Oruga. ■